



AS COUSAS CLARAS (DESMENTINDO BULOS)

Logo das **múltiples consultas** trala sinatura do [Acordo sobre medidas que melloran o funcionamento do sistema educativo e as condicións laborais do persoal funcionario e laboral docente](#) puidemos constatar que hai un descoñecemento bastante xeneralizado do contido do mesmo.

Estando dando por boas certas mensaxes, interesadas en mobilizar ao profesorado de cara a unha folga, que son **literalmente bulos**.

Con este documento tentaremos aclarar aqueles aspectos sobre os que nos estades preguntando nas variadas consultas que nos facedes.

E para facelo máis sinxelo, seguiremos a estrutura do propio documento do acordo.

O ACORDO NO SEU CONXUNTO

BULO *A sinatura do acordo supón “hipotecar ao profesorado”, renunciando a conseguir melloras no futuro...*

✓ O acordo foi asinado sen esixir nin un día de mobilización por parte do profesorado, polo que as medidas de redución de *ratios*, recuperación do acordo de agrupamentos, racionalización da burocracia, subida retributiva, etc. conseguíronse sen “desgaste” para o colectivo. No acordo recóllese expresamente que non se renuncia a seguir loitando por recuperar condicións laborais perdidas durante a crise (por exemplo os horarios lectivos). O acordo é un punto de partida para novas negociacións.

BULO *O acordo non recolle ningunha mellora para Secundaria (é cousa de mestres)...*

✓ A proposta final recolle que as *ratios* “serán” (feito seguro) de 25 en ESO (5 menos que a actualidade) e 30 en bacharelato (3 menos que a actualidade). Fronte ao documento inicial que nin mencionaba as etapas de Secundaria na redución de *ratios*, dende as organizacións asinantes conseguimos, a través da negociación, que figure a redución no documento final, cuxo calendario será negociado cando culmine a implantación de novas *ratios* en Educación Infantil, é dicir, dentro de 3 anos.

✓ Tamén recolle un compromiso de negociación de retorno ao horario lectivo anterior á crise, que se acometerá cando se produza a negociación de redución de 37,5 a 35 horas de xornada semanal dos empregados públicos.

✓ Case todas as disposicións do acordo son de aplicación en ensinanzas de Secundaria:

- O alumnado repetidor computa nas *ratios* a todos os efectos. O alumnado con transtornos graves de conduta computa dobre e o alumnado con discapacidade ou

dependencia pode computar dobre ou triplo en función do nivel ou grao. Todos estes cambios aplícanse en Secundaria dende o curso que vén.

- Haberá moitas menos supresións e desprazamentos por falta de horario derivados de descenso de alumnado. As novas *ratios* en todas as etapas serán as que se terán en conta dende o curso 24-25 para determinar estas supresións e desprazamentos.
- O resto de medidas fóra das *ratios* aplícanse a todas as etapas educativas: incrementos retributivos, racionalización da burocracia, posibilidade de reunións telemáticas, etc.

REDUCCIÓN DE RATIOS

BULO *A redución de ratios íase producir de forma natural polo descenso demográfico sen necesidade de acordo*

✓ O descenso demográfico lévase producindo dende hai anos en Infantil e primeiros niveis de Primaria. Ata o de agora, a Consellería decidira non baixar as *ratios* en Infantil, mantendo o número de alumnos/as por aula e acometendo o peche de centos de aulas (250 nos últimos tres cursos) e a destrución de postos de traballo estrutural (máis de 350 só en Infantil e Primaria nos últimos tres cursos).

BULO *As supresións vanse facer igual mentres non cheguen as novas ratios a cada nivel*

✓ Xa dende o curso 24/25 terán aplicación as *ratios* de 20 en Infantil e Primaria, 25 en Secundaria e 30 en Bacharelato á hora de suprimir unidades. Por exemplo, nun centro cun nivel de Primaria que teña 2 unidades cun total de 26 alumnas e alumnos, se se perde unha matrícula nese nivel, non poderá suprimirse a segunda unidade, xa que a *ratio* total será maior a 20. Con este acordo, terían que perderse 6 matrículas para poder executar a supresión da segunda unidade.

BULO *O curso 24/25 haberá 20 alumnos só en Infantil 3 anos, no resto dos cursos de Infantil e Primaria haberá 25*

✓ Hai que ter en conta que o **punto 2.1.2 do acordo** establece que as *ratios* que hai en cada un dos grupos no curso 24/25, entre 20 e 25 alumnas e alumnos, non poderá ser incrementada ao longo de todo o proceso de implantación.

É dicir, se en 3º de Primaria hai un grupo con 21 alumnos, pasarán a 4º con 21 alumnos e así sucesivamente.

BULO *No curso 24/25 só se aplica redución de ratios en Infantil 3 anos*

✓ Aplicaranse xa dende o curso 24/25 en Infantil, Primaria, ESO e Bacharelato todas as medidas complementarias para acelerar a baixada de *ratios*: cómputo de alumnado repetidor, cómputo dobre ou triplo de alumnado con discapacidade, dependencia ou trastorno grave de conduta.

Os centros de Infantil e Primaria que teñan aulas que escolaricen alumnado de diferentes niveis, ciclos e/ou etapas educativas terán *ratios* de 14, 12 ou 10 segundo as características do grupo. **É dicir, aplícase o acordo de agrupamentos asinado en xullo de 2009 por todas as organizacións sindicais agás a CIG, que contradictoriamente, agora loa.**

BULO *O acordo deixa aberto o seu incumprimento se non hai espazo físico nos centros*

✓ Se por inexistencia de aulas no centro educativo non puidesen cumprirse as novas *ratios* en Educación Infantil ou Primaria, ese centro será dotado cunha persoa especialista de educación primaria máis das que corresponderían por catálogo.

BULO *A redución de ratios en Infantil e Primaria vaise a 10 anos...*

✓ O calendario proposto pola Administración establece unha implantación progresiva da baixada directa curso a curso, pero o resto de medidas complementarias negociadas polas organizacións asinantes fan que na realidade esa temporalización se vexa moi reducida na maioría das aulas (acordo de agrupamentos, *ratios* inmediatas para supresións, mantemento das *ratios* que no curso 24/25 estean por debaixo da *ratio* máxima actual, cómputo de alumnado repetidor, cómputo dobre ou triplo de alumnado con determinadas necesidades educativas...).

BULO *A redución de ratios en Secundaria vaise ao curso 2034/35...*

✓ O acordo establece, a instancia das organizacións asinantes, que a negociación do calendario de aplicación da redución de *ratios* en Secundaria e Bacharelato coincidirá coa finalización da aplicación da redución na etapa de Infantil, é dicir, en tres anos. Tampouco se inicia ata ese momento a redución “directa” a 20 no ensino obrigatorio (Primaria).

REDUCCIÓN DO HORARIO LECTIVO

BULO *A sinatura do acordo supón renunciar a conseguir a recuperación das 18 e 21 horas lectivas...*

✓ O acordo recolle expresamente “*diffírese a negociación dunha nova regulación do horario lectivo da xornada de traballo do persoal funcionario e persoal laboral docentes ao momento no que se aborde unha xornada de traballo de 35 horas semanais para todo o persoal da Xunta de Galicia*” e, como paso previo, redúcese o horario lectivo en Infantil e Primaria a 23 horas lectivas. É dicir, **consequimos o principal avance en tema de horarios en 12 anos de mobilizacións estériles** (mesmo cunha folga unitaria en 2019) grazas á vontade negociadora de tres organizacións sindicais coa Administración.

Non se cambian 2 horas lectivas por gardas. O profesorado do corpo de mestres terá 2 horas menos de permanencia no centro dende o curso que vén.

BULO *O profesorado xa ten 35 horas semanais*

✓ Tal e como se recolle no [DOG do 30 de xuño de 2011](#), a xornada laboral do profesorado galego é de 37,5 horas semanais.

INCREMENTOS RETRIBUTIVOS

BULO *Un reparto lineal das subas retributivas suporía 81 € para cada docente*

✓ Totalmente falso. Ademais de que esta “*proposta*” nunca chegou a considerarse por parte da Administración nas negociacións, as cifras son falsas.

Nos cálculos feitos por unhas e outras organizacións sindicais, o reparto lineal tanto do complemento de titoría e outras funcións docentes como o do desempeño de órganos unipersoais de goberno supón diferenzas pequenas. A diferenza realmente está no cálculo do reparto lineal da suba dos sexenios.

O incremento do 20 % nos sexenios podemos calculalo acudindo aos datos que son públicos na [Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia](#). Non hai máis que coller a masa salarial anual dedicada a este concepto e calcular o 20 %. Temos así o incremento total que dividido entre 14 pagas e repartido linealmente entre uns 34.000 docentes (aínda que podería ser algún máis) **danos unha cantidade de 38,42 euros**.

Nas seguintes táboas poden verse as diferenzas nos cálculos para cada persoa, dependendo da súa situación.

| Diferenza no caso de persoas que SI desempeñan órganos unipersoais de goberno | | | | | | | |
|---|-------------------|-----------------|-----------------|-----------------|-----------------|------------------|------------------|
| | CONCEPTO | 0º Sexenio | 1º Sexenio | 2º Sexenio | 3º Sexenio | 4º Sexenio | 5º Sexenio |
| REPARTO LINEAL | Titoría | 10,44 € | 10,44 € | 10,44 € | 10,44 € | 10,44 € | 10,44 € |
| | Sexenios | 38,42 € | 38,42 € | 38,42 € | 38,42 € | 38,42 € | 38,42 € |
| | Cargos directivos | 6,00 € | 6,00 € | 6,00 € | 6,00 € | 6,00 € | 6,00 € |
| | TOTAL | 54,86 € | 54,86 € | 54,86 € | 54,86 € | 54,86 € | 54,86 € |
| ACORDO | Titoría | 10,44 € | 10,44 € | 10,44 € | 10,44 € | 10,44 € | 10,44 € |
| | Sexenios | 0,00 € | 14,17 € | 32,39 € | 56,68 € | 91,09 € | 101,21 € |
| | Cargos directivos | 60,00 € | 60,00 € | 60,00 € | 60,00 € | 60,00 € | 60,00 € |
| | TOTAL | 70,44 € | 84,61 € | 102,83 € | 127,12 € | 161,53 € | 171,65 € |
| DIFERENZA CO ACORDADO | | -15,58 € | -29,75 € | -47,97 € | -72,26 € | -106,67 € | -116,79 € |

| Diferenza no caso de persoas que NON desempeñan órganos unipersoais de goberno | | | | | | | |
|--|------------------------------|----------------|----------------|----------------|-----------------|-----------------|-----------------|
| | CONCEPTO | 0º Sexenio | 1º Sexenio | 2º Sexenio | 3º Sexenio | 4º Sexenio | 5º Sexenio |
| REPARTO LINEAL | Titoría | 10,44 € | 10,44 € | 10,44 € | 10,44 € | 10,44 € | 10,44 € |
| | Sexenios | 38,42 € | 38,42 € | 38,42 € | 38,42 € | 38,42 € | 38,42 € |
| | Cargos directivos | 6,00 € | 6,00 € | 6,00 € | 6,00 € | 6,00 € | 6,00 € |
| | TOTAL | 54,86 € | 54,86 € | 54,86 € | 54,86 € | 54,86 € | 54,86 € |
| ACORDO | Titoría | 10,44 € | 10,44 € | 10,44 € | 10,44 € | 10,44 € | 10,44 € |
| | Sexenios | 0,00 € | 14,17 € | 32,39 € | 56,68 € | 91,09 € | 101,21 € |
| | TOTAL | 10,44 € | 24,61 € | 42,83 € | 67,12 € | 101,53 € | 111,65 € |
| | DIFERENZA CO ACORDADO | 44,42 € | 30,25 € | 12,03 € | -12,26 € | -46,67 € | -56,79 € |

BULO Os incrementos retributivos son para dentro de 3 anos

✓ Os incrementos retributivos negociáronse para o mes de xaneiro dos próximos anos, polo que as subas empezarán a aplicarse en 3 meses e completaranse en pouco máis de dous anos.

BULO O que había que facer era repartir todas as subas linealmente entre o profesorado

✓ A necesidade de recoñecer a responsabilidade que asumen as persoas ao desempeñar órganos unipersoais de goberno (moitas veces con nomeamentos forzosos) é algo innegable para as organizacións asinantes. A suba de 60 € mensuais suporá unha suba arredor dun 10 % para aquelas persoas que máis cobran polas súas responsabilidades, pero especialmente no caso das responsables de centros de menos de 3 unidades, a suba suporá máis dun 75 % (e ben merecido o teñen).



BULO *Se non se acada o nivel B1 de Competencia Dixital Docente pérdense os sexenios*

✓ O acordo establece claramente **un prazo de 6 anos para obter ese nivel B1** de Competencia Dixital Docente para poder PERFECCIONAR novos sexenios. En ningún caso afectará aos sexenios xa perfeccionados (os que xa teñamos cada docente).

MEDIDAS COMPLEMENTARIAS

BULO *Para o curso que vén aínda teremos máis burocracia*

✓ O acordo establece a creación no presente curso dun grupo de traballo para diminuír a carga burocrática a través dun plan que se aplicará xa no curso 24/25. Neste grupo de traballo teremos a posibilidade de participar as organizacións sindicais asinantes.

BULO *As reunións telemáticas dos órganos de coordinación docente non serán efectivas*

✓ Con este acordo esténderase e regularase a posibilidade de realizar reunións de forma telemática aos órganos de coordinación docente. Serán os propios claustros os que decidan, polo que queda ao seu criterio implantar esta medida, limitala só a algúns casos ou decidir non aplicala. Pero grazas ao asinado, teñen a posibilidade de decidir sobre unha posibilidade ao noso alcance para mellorar a conciliación familiar e laboral de moitas e moitos docentes que non viven preto do seu centro de traballo.

CONCLUSIÓN

BULO *Asinades o primeiro que vos poñen diante*

✓ As organizacións asinantes do acordo participamos nunha negociación, na que as dúas partes deben aproximar posturas para poder chegar a un entendemento. Que unha organización sindical tente impoñer o seu criterio ao resto, negándose a participar no proceso de negociación e sen conseguir unha soa mellora para o profesorado non é de recibo.

No seguinte cadro podes comprobar todos os avances acadados durante esta negociación.

| MELLORAS E AVANCES | ANTERIORES AO ACORDO | PRIMEIRA PROPOSTA DA CONSELLERÍA | ACORDO FINAL ASINADO TRAS NEGOCIACIÓN NA MESA SECTORIAL |
|--|----------------------------|--|---|
| Ratios Infantil e Primaria | 25 | PROGRESIVAMENTE, 23 O PRIMEIRO CURSO DESE NIVEL E 20 NO CURSO SEGUINTE | 20 DE FORMA PROGRESIVA |
| Ratios en ESO e Bacharelato | 30 E 33, RESPECTIVAMENTE | NON SE CONTEMPLABA REDUCCIÓN RATIOS | 25 E 30, RESPECTIVAMENTE O calendario de aplicación negociárase ao rematar o proceso en infantil |
| Horario lectivo en Infantil e Primaria | 25 | 25 | 23 HORAS COMPROMISO DE NEGOCIAR REDUCCIÓN HORARIO LECTIVO |
| Horario lectivo no resto de ensinanzas | 20 | 20 | COMPROMISO DE NEGOCIAR REDUCCIÓN HORARIO LECTIVO |
| Prohibición de incrementar alumnado en grupos de 20 a 25 alumnas/os | NON EXISTÍA | NON SE CONTEMPLABA | INCLÚESE Exemplo: un grupo que no curso 24/25 teña 21 alumnas/os, non poderá superar esa cifra en todo o proceso de aplicación de novas ratios |
| Prohibición de facer supresións en caso de descenso de alumnado por debaixo das ratios xa existentes | NON EXISTÍA | NON SE CONTEMPLABA | INCLÚESE |
| Reactivación do Acordo de agrupamentos | NON SE APLICABA DENDE 2010 | NON SE CONTEMPLABA | INCLÚESE Ratio máxima de 14, 12 e 10 en caso de alumnado agrupado de diferente nivel, ciclo ou etapa educativa, respectivamente |
| Dotación de máis profesorado en caso de que por inexistencia de aulas non se poida desdobrar | NON EXISTÍA | CONTEMPLÁBASE | CONTÉMLASE |
| Alumnado que compute dobre e tripla a efectos de ratios (trastornos graves conduta, discapacidade, dependencia...) | NON EXISTÍA | NON SE CONTEMPLABA | INCLÚESE |
| Cómputo de alumnado repetidor a efectos de ratio | NON SE COMPUTABA | NON SE CONTEMPLABA | INCLÚESE |
| Incremento contía sexenios | NON SE CONTEMPLABA | 15% EN TRES ANOS | 20% EN 15 MESES |
| Incremento contía función tutorial | NON SE CONTEMPLABA | NON SE CONTEMPLABA | 20% EN 15 MESES |
| Incremento complemento de desempeño da función directiva (incluídas persoas responsables de centros de menos de tres unidades) | NON SE CONTEMPLABA | 45 EUROS EN TRES ANOS | 60 EUROS EN TRES ANOS |
| Simplificación de tarefas burocráticas | NON SE CONTEMPLABA | CONTEMPLÁBASE SEN CONCRETAR | CONTÉMLASE E para asegurar o seu cumprimento constitúese un grupo de traballo durante o curso actual para que poida implantarse no curso 24/25 |
| Posibilidade de realizar reunións telemáticas sempre que o Claustro ou órgano convocante así o decida | NON SE CONTEMPLABA | CONTEMPLÁBASE | CONTÉMLASE |
| Incrementar as axudas de reintegros por formación | NON SE CONTEMPLABA | CONTEMPLÁBASE SEN CONCRETAR | CONTÉMLASE E DUPLÍCASE A SÚA CONTÍA |
| Solicitud dunha licenza non retribuída para realizar ou completar formación | NON SE CONTEMPLABA | NON SE CONTEMPLABA | CONTÉMLASE E RECÓLLESE QUE DEBEN REGULARSE XA PARA O ANO 2024 |